

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. ^a Montserrat Lama Novoa D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Vicente Gómez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de xaneiro de 2019 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación do 19 de outubro de 2018 entre a representación da Deputación Provincial e a representación da Xunta de Persoal e os representantes dos sindicatos CSIF, CIG e USO, cuxo obxecto é modificar, ó abeiro do establecido no artigo 38.10 do EBEP, o vixente acordo regulador do persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense, do 9 de decembro de 2008, modificado o 1 de xuño de 2012, o 15 de outubro de 2012 e o 16 de febreiro de 2015, no seguinte sentido:

a) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 52 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: *“A petición do interesado, a Corporación concederalles aos funcionarios de carreira anticipos reintegrables de mensualidades completas líquidas cun tope máximo de 5.000 euros. A súa devolución efectuarase mediante dedución mensual en nómina sen xerar ningún interese. O prazo para a súa devolución será de corenta e oito meses como máximo, podendo o funcionario solicitar a devolución dos importes nun prazo menor.*

Para poder solicitar un anticipo será condición necesaria e imprescindible que estean liquidadas a totalidade das cotas do anticipo concedido con anterioridade nos prazos autorizados e fixados.

Se entre os solicitantes se encontrasen traballadores que nunca solicitaran un anticipo, terán preferencia na concesión.”

b) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 54 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: *“A Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para todos os empregados públicos provinciais que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada*

traballador, co importe de 27 euros mensuais do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.”

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 55 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: *“Os empregados públicos provinciais da Deputación poden gozar dun plan de pensións, achegando a Corporación a mesma cantidade que achega o traballador que se adhira ao plan, ata un máximo de 50 euros mensuais”.*

2º) Facultar á Presidencia para a formalización do corresponde acordo para os efectos da súa remisión á autoridade laboral para a súa publicación no BOP, conforme co artigo 38.6 do EBEP.

3º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación do 19 de outubro de 2018 entre a representación da Deputación Provincial e a representación do Comité de Empresa e dos sindicatos CSIF, USO e CIG, cuxo obxecto é modificar, ao abeiro do establecido no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores as condicións de traballo establecidas no vixente Convenio colectivo de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense, do 9 de decembro de 2008, modificado o 1 de xuño de 2012, o 15 de outubro de 2012 e o 16 de febreiro de 2015, no seguinte sentido:

a) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 52 do convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: *“A petición do interesado, a Corporación concederalle ao persoal laboral fixo anticipos reintegrables de mensualidades completas líquidas cun tope máximo de 5.000 euros. A súa devolución efectuarase mediante dedución mensual en nómina sen xerar ningún interese. O prazo para a súa devolución será de corenta e oito meses como máximo, podendo o traballador solicitar a devolución dos importes nun prazo menor.*

Para poder solicitar un anticipo será condición necesaria e imprescindible que estean liquidadas a totalidade das cotas do anticipo concedido con anterioridade nos prazos autorizados e fixados.

Se entre os solicitantes se encontrasen traballadores que nunca solicitaran un anticipo, terán preferencia na concesión”.

b) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 54 do Convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: “*A Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para todos os empregados públicos provinciais que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada traballador, co importe de 27 euros mensuais do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.*”

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 55 do Convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: “*Os empregados públicos provinciais da Deputación poden gozar dun plan de pensións, achegando a Corporación a mesma cantidade que achega o traballador que se adhira o plan, ata un máximo de 50 euros mensuais*”.

2º) Facultar á Presidencia para a formalización do corresponde acordo para os efectos da súa remisión á autoridade laboral para o seu depósito e publicación no BOP, conforme co artigo 90.2 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

4º.- SOLICITUDE DE GRUPO SOCIALISTA DE COMPARECENCIA DO PRESIDENTE NA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL DO 16.1.2019, PARA INFORMAR SOBRE VIAXES INSTITUCIONAIS DA PRESIDENCIA.-

O presidente da comisión dá conta da solicitude do Grupo Socialista e da proposta de desestimación da dita solicitude, ao considerar innecesaria a comparecencia que se solicita por canto á información á que se refire xa se deu no seu momento.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que non é certo que a información se facilitase, porque na solicitude se alude a datos como o obxecto das viaxes, comitiva e logros concretos alcanzados. Ademais nega a maior, porque a información que se deu non sempre é o suficientemente concreta e houbo cuestións concretas que non se lle contestaron ao seu grupo. A isto hai que engadirlle cousas como a ultimamente sucedida,

cando o presidente actuou como *el pequeño Nicolás* sacándose unha foto co presidente da Comisión Europea. DI que se nesta comisión non se fai un verdadeiro traballo de transparencia o mellor sería disolvela e que o mínimo sería que o presidente comparecese en comisión para explicar os logros obtidos nas súas viaxes. Engade ademais que nas comisións sucede que, agás o Sr. Doval, os presidentes das comisións nunca teñen información sobre os asuntos dos que se lles pregunta, co que aos deputados da oposición non se lles dá resposta, polo que cre necesaria a comparecencia do presidente. Engade que o presidente nos plenos só contesta ás preguntas que se lle fan por escrito para resposta oral.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, cre que, sen prexuízo de que a información poida estar dispoñible na páxina web (o cal polo visto é discutible) o presidente debería comparecer polo respecto ao espírito de transparencia (e non limitarse á letra). Cre que o natural sería que comparecese tendo en conta que a solicitude tampouco impón unha data concreta.

O **presidente da comisión** reitera que a información está dispoñible na páxina web e que a Área de Transparencia informou que non existe ningunha pregunta pendente de resposta en relación coas viaxes institucionais do presidente, polo que se ratifica na súa proposta.

Seguidamente a proposta da Presidencia é sometida a votación, e co voto favorable do Grupo Popular (6), o voto en contra do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do BNG (1), a comisión adopta o seguinte acordo:

- Desestimar a solicitude formulada polo grupo do PSdeG-PSOE para a comparecencia da Presidencia da Deputación na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial do 16 de xaneiro de 2019 co obxecto de informar sobre todas e cada unha das viaxes institucionais realizadas pola Presidencia, incluíndo o obxecto da viaxe, datos dos participantes, custos da viaxe e logros acadados.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **presidente da comisión** dá conta dunha pregunta formulada polo BNG, relativa ao uso do aeródromo de Antela por parte dunha entidade privada, e informa a este respecto que a Deputación Provincial subscribiu un convenio o 2 de xuño de 2005 coa Federación Galega de Aeronáutica, polo que se autoriza o dito uso.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, agradece a información e solicita que se lle faga chegar unha copia do dito convenio. Pregunta cando se investiu no acondicionamento da sala de prensa da planta baixa, por que non está operativa aínda e que previsión hai sobre o momento no que estará operativa.

O **presidente da comisión** di que se informará por escrito.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, reitera a solicitude do seu grupo de que, polo menos no que respecta ás viaxes internacionais, se informe de cales foron os logros alcanzados coas ditas viaxes, porque esa información non está na páxina web. Pregunta ademais se se fixo algún tipo de reforma nas oficinas do Grupo Popular.

O **presidente da comisión** responde que se lle dará a información por escrito.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta se é que o Sr. Pumar non sabe se se fixeron reformas na oficina do seu grupo.

O **presidente da comisión** responde que conseguirá a información oportuna e que lle contestará por escrito.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.